

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO 21-22

### Normativa de referencia:

- [Lei orgánica 3/2020](#), LOMLOE.
- [Real Decreto 984/2021](#), polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, BAC e FP.
- [Orde de 25 de xaneiro de 2022](#), pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de Primaria, ESO e BAC no sistema educativo de Galicia.

### Avaliación no BACHARELATO (*Orde 25/01/2022*)

As novidades que se aplican no curso 21/22 son as seguintes:

- Haberá tres avaliacións parciais. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria. **A calificación definitiva das materias farase efectiva nesta avaliación e sairá da media aritmética das 3 avaliacións.** Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias, que se realizarán entre o 20 e 22 de xuño.
- As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso. No caso de 1º de bacharelato, a sesión de avaliación final ordinaria será o 6 de xuño de 2022, mentres que a final extraordinaria realizarase o 23 de xuño.
- No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

### Promoción no Bacharelato (*Orde 25/01/2022*)

Os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

### Titulación no Bacharelato (*Orde 25/01/2022*)

Para obter o **título de bacharel** cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, **o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por un alumno que superase todas as materias agás unha**, sempre que se cumpran ademáis todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria e mostrou esforzo e interés pola materia.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.